

DEPORTE EN IDADE ESCOLAR

CAMPIONATO CAMPO A TRAVÉS ; SANTIAGO

Organizado pola Agrupación Deportiva "LA PARRA", e baixo o control técnico do Comité Territorial de Xuices da F.G.A., celebrarase a fase zonal do Campionato Escolar de Campo a Través o sábado 21 de Xaneiro do 2.023 no circuito de herba, do **Parque Eugenio Granell**, na zona cercana a Cafetería, en Santiago..

As datas de nacemento dos atletas son :

BENXAMIN: Nados nos anos **2.015-2.014**

ALEVIN: Nados nos anos **2.013-2.012**

INFANTIL: Nados nos anos **2.011-2.010**

CADETE: Nados nos anos **2.009-2.008**

REGULAMENTO:

1- Participan os equipos e atletas clasificados da fase anterior, e que son os que se citan na folla que se envía adxunta

2- Cada equipo estará formado ,como máximo, por 6 atletas, dos que puntuarán os 4 mellor clasificados, agás na categoría cadete , na que puntúan os tres primeiros.

3- Estableceranse dúas clasificacións: individual, segundo orde de chegada, e por equipos sumando os puntos obtidos polos 4 ou 3 corredores mellor clasificados, resultando ganador o equipo que acade menos puntos

4- Clasificaranse para disputar o **campeonato provincial de Centros Escolares** os 2 milloros equipos de cada categoría e os 10 primeiros atletas que entren na meta dentro dos 15 primeiros postos ,se non forman parte dos equipos clasificados, dos Colexios e IES , que así optaron na súa folla de inscrición.

Do resto de equipos, clasifícanse para o **campeonato Provincial absoluto** os 2 primeiros equipos de cada categoría e os 10 primeiros atletas que entren na meta entre os quince primeiros, e non formen parte dos equipos clasificados

5- Horario e distancias aproximadas a percorrer.

Hora	Categoría	Distancia aproximada
11,00	Benxamin feminino	500 ms
11,07	Benxamín masculino	500ms
11,15	Alevín feminino	1.000 ms
11,28	Alevín masculino	1.000 ms
11,40	Infantil feminino	1.500 ms
11,52	Infantil masculino	1.500 ms
12,08	Cadete feminino	2.000 ms
12,23	Cadete masculino	2.000 ms

6- Tódolos atletas e entrenadores deben formular obrigatoriamente a súa inscrición na paxina de internet **www.deporteescolargalego.com**, programa XOGADE, e dentro do deporte de Campo a través.

7- As **INSCRICIÓN**s coas listas dos participantes enviaráanse ,antes das 20 horas do martes anterior a cada competición á dirección de correo electrónico paalva53@edu.xunta.es, no modelo que se adxunta.

Os clubs **FEDERADOS** no deporte de atletismo, deberán formalizar a inscrición dos atletas con licencia federativa a través da plataforma <https://sdp.rfea.es> tamén ata o martes anterior á competición ás 20 horas.

8- A composición dos equipos pode ser distinto da xornada anterior.

9.-Poderanse utilizarse os vestiarios do pavillón do Pontepedriña .

10- Os Delegados recollerán os dorsais en Secretaría, antes do comenzo das probas. **A organización non facilitará imperdibles**, que deberéis traer vosotros para suxetar ben os dorsais.

11-Habrá entrega de trofeos para os 3 primeiros equipos de cada categoría e medallas para os integrantes destes equipos e para os 3 primeiros atletas en entrar na meta.

12-Tódolo non previsto nestas normas ,será regulado pola organización en coordinación co Servicio Provincial de Deportes.

13- O 29 de Decembro entre en vigor una nova compañía de seguros Enviamos información.

14- A organización non se fai responsable dos danos morais e materiais que poideran xurdir con motivo das probas.